

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL PARA A ATENCIÓN RESIDENCIAL E A INTERVENCIÓN EDUCATIVA INTEGRAL CON PERSOAS MENORES QUE TEÑEN QUE CUMPRIR MEDIDAS XUDICIAIS PRIVATIVAS DE LIBERDADE PREVISTAS NA LEI ORGÁNICA 5/2000, DO 12 DE XANEIRO, REGULADORA DA RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES NO CENTRO DE REEDUCACIÓN CONCEPCIÓN ARENAL ( A CORUÑA).

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

#### REUNIDOS:

Dunha parte, D<sup>a</sup>. Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, en nome e representación desta, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e segundo o Decreto 216/2020, do 3 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, D. Antonio Campanón Sanjurjo con DNI 33321751H, como representante legal da Fundación Camiña Social con NIF G27381797 , de conformidade co disposto nos seus estatutos elevados a públicos en virtude de escritura outorgada en Lugo o día 17 de xuño de 2008 perante o notario Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias co número 1409 de protocolo, emendada a medio de acta autorizada ante o dito notario o 4 de setembro de 2008 baixo o número 2162 de Protocolo, modificados en virtude de escritura pública de formalización de acordos outorgada o 22 de outubro de 2013 perante o notario Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias co número de protocolo 2561, así como escritura pública de data 22 de decembro de 2016 outorgada perante o mesmo notario co número de protocolo 369, inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Ambas as dúas partes comparecentes recoñécense reciprocamente capacidade suficiente para o outorgamento do presente convenio de colaboración, e en consecuencia,

#### EXPOÑEN:

Primeiro. Que a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral on competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, segundo o artigo 13 do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e tutela dos/as menores en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.



Segundo. Que a Fundación Camiña Social, constituída en virtude de escritura publica outorgada en Lugo o 17 de xuño de 2008 perante o notario Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias co número 1409 de protocolo, emendada a medio de acta autorizada baixo o mesmo notario o 4 de setembro de 2008 baixo o número 2162 de protocolo, é unha entidade sen ánimo de lucro que figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude co número E-5223. .

Dentro do seus obxectivos prevé a protección e a atención da infancia, menores en risco de exclusión ou conflito social, a mocidade en xeral, a terceira idade, así como calquera outro colectivo que sufra algún tipo de discriminación, por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social de acordo co previsto na lexislación local, autonómica, estatal o u internacional aplicable así como a prevención e inserción socio laboral no ámbito da delincuencia xuvenil e protección de menores e mozos en xeral, accións estas que teñen relación directa co obxecto do convenio.

Terceiro. Que ambas as dúas partes na súa actuación teñen en conta, por unha parte, os principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno aprobada polas Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, así como o cumprimento da normativa estatal e autonómica sobre reforma de menores, e por outra, as regras mínimas uniformes das Nacións Unidas para a Administración de Xustiza de Menores (reglas de Beijing), adoptadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 29 de novembro de 1985, a Recomendación (87) 20 do Comité de Ministros do Consello de Europa, do 17 de setembro de 1987, sobre reaccións sociais ante a delincuencia xuvenil e o Ditame do Comité Económico e Social Europeo sobre A prevención da delincuencia xuvenil, modos de tratamento da delincuencia xuvenil e o papel da xustiza do menor na Unión Europea do 15 de marzo de 2006.

Cuarto. Que o artigo 45.3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, faculta as comunidades autónomas para establecer os convenios ou acordos de colaboración necesarios con entidades privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión, sen que elo supoña en ningún caso a cesión da titularidade e responsabilidade derivada de dita execución.

O artigo 88 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, atribúelle á Xunta de Galicia a potestade de celebrar convenios ou acordos de colaboración coas demais administracións, así como con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión, de acordo cos principios de cooperación e colaboración, e sen que isto supoña cesión de titularidade ou responsabilidade.

Quinto. Que co fin de promover a concorrência pública e garantir os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación a Consellería de Política Social e Xuventude convocou un procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral con persoas menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, no centro de reeducación Concepción Arenal ( A Coruña).

Sexto. Que unha vez resolto o procedemento a entidade Fundación Camiña Social resultou seleccionada para a colaboración coa entidade pública na execución das medidas xudiciais privativas de liberdade no centro de reeducación Concepción Arenal ( A Coruña).



Por todo o exposto, a Consellería de Política Social e Xuventude e a entidade Fundación Camiña Social acordan formalizar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS:

##### Primeira. *Obxecto e ámbito de aplicación do convenio*

1. Este convenio ten por obxecto establecer o réxime de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a entidade Fundación Camiña Social para a atención residencial e a intervención educativa integral con menores, que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores no centro de reeducación Concepción Arenal ( A Coruña).

Así mesmo, incluírá a atención dos fillos e fillas menores de tres anos que convivan coas súas nais internadas, de acordo co previsto no apartado n) do artigo 56 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro e no artigo 34 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

2. O convenio ten por obxecto satisfacer a realización e execución das seguintes actuacións:

a) Dar cumprimento ás seguintes medidas privativas de liberdade impostas polos xulgados de menores ás persoas menores infractoras de ilícitos penais no centro Concepción Arenal que a continuación se relacionan:

1º. O Internamento en réxime aberto, tanto preventivo como firme. As persoas sometidas a esta medida levarán a cabo todas as actividades do proxecto educativo nos servizos normalizados da contorna, residindo no centro como enderezo habitual, con suxeición ao programa e réxime interno do mesmo.

2º. O Internamento en réxime semiaberto, tanto preventivo como firme. As persoas sometidas a esta medida residirán no centro, pero poderán realizar fóra do mesmo algunha o algunhas das actividades formativas, educativas, laborais e de lecer establecidas no programa individualizado de execución da medida.

3º. O Internamento en réxime pechado, tanto preventivo como firme. As persoas sometidas a esta medida residirán no centro e desenvolverán no mesmo as actividades formativas, educativas, laborais e de lecer.

4º. A permanencia fin de semana en centro. As persoas sometidas a esta medida permanecerán no centro ata un máximo de 36 horas entre a tarde ou noite do venres e a noite do domingo e levarán a cabo no mesmo as tarefas socioeducativas que deba realizar a persoa menor de carácter formativo, cultural ou educativo.



- b) Proporcionar unha atención residencial integral e continuada ás persoas menores internadas, que dea cobertura ás necesidades de alimentación, lavandería, limpeza e mantemento das instalacións, de xeito que se asegure unha atención residencial de calidade.
- c) Levar a cabo unha intervención educativa integral dirixida a súa reinserción social .
- d) Garantir a vixilancia no centro e a saúde das persoas menores e facilitar a atención sanitaria nos supostos previstos na normativa aplicable.
- e) Garantir os dereitos dos menores internados recoñecidos no artigo 56 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro.

#### *Segunda. Persoas destinatarias da atención residencial e a intervención educativa integral*

Serán destinatarias da atención residencia e a intervención educativa integral as persoas menores, que teñen que cumprir unha medida xudicial privativa de liberdade prevista na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, e recollida na cláusula primeira do convenio, así como no seu caso menores de tres anos que convivan coas súas nais internadas, de acordo co disposto no apartado n) do artigo 56 da citada lei e no artigo 34 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo.

No marco do disposto na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, así como na Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, o termo "persoa menor" entenderase extensivo á totalidade daquelas persoas ás que lles sexa aplicable algunha medida derivada da dita Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, independentemente de que alcanzaran ou non a maioría de idade no momento da execución, de acordo ao uso que do dito termo se dá na antedita lei.

#### *Terceira. Directrices e normativa*

Na colaboración para a atención ás persoas menores a entidade Fundación Camiña Social terá en conta os principios inspiradores da execución das medidas xudiciais recollidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro e no Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, así como as directrices e instrucións ditadas dende a desde a Consellería de Política Social e Xuventude a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica que desenvolvan estes principios, primando fundamentalmente o carácter educativo dos programas cunha intervención integral que abranque aspectos educativos, formativos, familiares e sociais que favorezan o desenvolvemento harmónico da súa personalidade e a súa toma de conciencia polos feitos cometidos. Esta intervención desenvolverase nas fases e de acordo cos obxectivos, áreas, programas e metodoloxías recollidas no Proxecto de Intervención Educativa Integral presentado, que se incorporará como anexo ao convenio de conformidade co disposto no Anexo III da Resolución do 7 de xuño de 2022.

#### *Cuarta. Órganos de dirección, xestión e participación do centro*



O centro contará cos seguintes órganos de goberno, xestión e representación:

- a) Director/a.
- b) Subdirector/a.
- c) Consello do Centro.
- d) Comisión educativa.

Os órganos de goberno, xestión e participación adaptarán a súa composición e funcións ao establecido no Proxecto de Intervención Educativa Integral presentado pola entidade e de conformidade co disposto no Anexo III da Resolución do 7 de xuño de 2022.

Quinta. *Cesión de bens inmobles e mobles.*

A Consellería de Política Social e Xuventude, cederá en uso á Fundación Camiña Social por un período de tempo igual á duración do convenio e no seu caso das súas posibles prórrogas, o inmovible correspondente ao centro de reeducación Concepción Arenal, que forma parte do inventario da comunidade autónoma.

Tamén serán cedidos en uso os equipamentos e bens mobles necesarios, os cales figuran identificados e relacionados con carácter de inventario no anexo a este convenio.

Sexta. *Obrigas*

1. Para o cumprimento da atención residencial e a intervención educativa integral, a Consellería de Política Social e Xuventude asumirá os seguintes compromisos:

- a) Remitir á entidade Fundación Camiña Social toda a información relativa ás medidas para a súa execución.
- b) Realizar todas as actuacións administrativas que, de acordo coa súa competencia, lle correspondan na execución das medidas.
- c) Elaborar circulares e instrucións que establezan un protocolo para a execución e seguimento das medidas privativas de liberdade así como de soportes documentais que permitan un tratamento informático da información que garanta a unidade de expediente e a súa reserva.



d) Contribuír ao financiamento das actividades obxecto deste convenio nos termos sinalados na cláusula sexta.

e) Levar a cabo o seguimento e supervisión do centro así como das actividades levadas a cabo pola entidade na execución das medidas.

f) Asumir no caso de que sexan necesarias, a realización de obras que afecten á estrutura resistente dos edificios e do resto das instalacións.

2. Para o cumprimento da atención residencial e a intervención educativa integral, a entidade colaboradora asumirá os seguintes compromisos:

a) En relación coa persoa menor ou mozo/a suxeita ao cumprimento das medidas xudiciais:

1º. Exercer a súa garda e custodia.

2º. Proporcionarlle, no momento do seu ingreso información sobre os dereitos e deberes, de acordo co establecido na normativa vixente.

3º. Respetar os seus dereitos, tanto os que lle recoñecen as leis nacionais como as internacionais, así coma os dereitos que se deriven da execución da medida xudicial.

4º. Prover á persoa menor dun ambiente coas condicións socioeducativas axeitadas, para abordar as dificultades que deron lugar ao comportamento conflitivo e que supuxeron a infracción penal, e para facilitar o seu normal desenvolvemento evolutivo.

5º. Xestionar con axilidade a documentación administrativa que as persoas menores precisen.

6º. Realizar o acompañamento e asesoramento, garantindo que a intervención educativa que se realice responde a parámetros de calidade.

7º. Contar, como mínimo, cos protocolos de actuación seguintes:

- Protocolo de actuación para cada fase da intervención.

- Protocolo de actuación para asegurar a integridade física e psíquica da persoa menor en situacións que sexa preciso usar medios de contención.

- Protocolo de actuación para a intervención en situacións de crise.



- Protocolo de actuación para a prevención de suicidios que incorpore a perspectiva de xénero e a diversidade sexual.
- Protocolo para a indagación da violencia e o abuso sexual sufrido, co obxecto de dar unha resposta terapéutica e de protección.
- Protocolo de detección e prevención do acoso, abuso ou calquera outro tipo de violencia, que incorpore a perspectiva de xénero.

b) *En relación coa execución das medidas.*

1º. Admitir todos os ingresos que, contando co correspondente mandato xudicial, sexan ordenados pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, logo de confirmar a existencia de praza.

2º. Prestar ás persoas menores internas a atención médica prevista na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, e no seu regulamento, sen prexuízo da asistencia sanitaria universal que ofrece a sanidade pública.

3º. Realizar, no caso das medidas de permanencia de fin de semana, a correspondente entrevista coa persoa menor con carácter previo á elaboración do programa individualizado de execución de medida.

4º. Elaborar e presentar nos prazos, recollidos legalmente un programa individualizado de execución de medida para cada menor ou un modelo individualizado de intervención nos supostos de medidas de carácter preventivo, segundo o establecido na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, no Real Decreto 1774/2004 e nas circulares e instrucións que ao respecto elabore a dirección xeral con competencias na execución das medidas xudiciais impostas aos menores infractores.

5º. Realizar as actuacións que correspondan de acordo co programa de execución aprobado polo xulgado competente, para o seguimento e a execución definitiva da medida.

6º. Elaborar e remitir os correspondentes informes de seguimento, así como de incidencias, se as houber, co obxecto de manter informadas á autoridade xudicial e administrativa, segundo o establecido na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, no Real Decreto 1774/2004 e nas circulares e instrucións que ao respecto elabore a dirección xeral con competencias na execución das medidas xudiciais impostas aos menores infractores.

7º. Elaborar e remitir calquera outro informe que lle sexa solicitado polo xulgado ou fiscalía competente ou pola entidade pública responsable da execución.

8º. Propoñer o internamento da persoa menor nun centro socio-sanitario se, en atención ao diagnóstico realizado ou á evolución na medida, se considera o máis axeitado.



9º. Presentar ao xulgado e fiscalía dos que depende a execución da medida ou medidas a proposta de revisión xudicial das mesmas, previa autorización da Dirección Xeral con competencias na execución das medidas derivadas da aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, cando se considere procedente, a proposta de revisión xudicial da medida ou medidas.

10º. Asistir ás entrevistas, reunións e actos e dilixencias procesuais aos cales sexa convocada por xulgados, fiscalías ou a dirección xeral con competencias na execución das medidas derivadas da aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro.

11º. Actuar de xeito coordinado co persoal técnico, entidades ou servizos que participen na execución da medida.

12º. Preparar o segundo período da medida de internamento (liberdade vixiada) en colaboración co persoal do equipo de medio aberto das Xefaturas Territorias, da Consellería de Política Social e Xuventude, ao que lle vai corresponder esa execución.

13º. Elaborar e remitir os informes finais de execución de medidas aos Xulgados de Menores e Fiscalías que teñan a competencia da execución da correspondente medida.

14º. Informar, en calquera momento e a petición do departamento da Consellería de Política Social e Xuventude competente na área de menores, sobre a evolución da situación das persoas menores ao seu cargo.

15º. Seguir as instrucións establecidas pola dirección xeral con competencias na materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude, así como das súas xefaturas territoriais, en relación coa execución das medidas xudiciais, e subministrar toda a información que lle sexa solicitada.

16º. Comunicar de xeito inmediato á dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude así como ás súas xefaturas territoriais calquera incidencia relevante na execución da medida ou o seu incumprimento, así como todas aquelas circunstancias sobrevidas que puideran orixinar irregularidades no desenvolvemento da actividade conveniada.

17º. Executar inmediatamente o mandamento de posta en liberdade unha vez comprobado que a persoa menor non está suxeita a outras medidas de internamento pendentes de execución. Nos casos de desinternamento dunha persoa menor de dezoito anos, a dirección do centro porase en comunicación cos seus proxenitores, representantes legais ou xefatura territorial da Consellería de Política Social e Xuventude no caso de menores tutelados/as, para que se fagan cargo dela no momento do desinternamento.

c) En relación ás actuacións unha vez rematada a medida xudicial e feita a comprobación de que a persoa menor non vai ter que executar novas medidas impostas, a entidade colaboradora:



1º. Entregará á/ao menor toda a documentación de carácter persoal que lle pertenza.

2º. Comprobará que toda a documentación que posúa o centro da persoa menor, suxeita ao cumprimento de medidas xudiciais, esté incorporada a aplicación informática "Menor" (a través da que se xestiona a execución das medidas xudiciais impostas polos xulgados de menores e na que se incorpora o expediente persoal de cada menor do que se teña encomendada a execución dunha medida, que será único no ámbito da comunidade autónoma), debendo incorporar aquela que aínda non o estea. Logo desta incorporación, todas as copias da documentación que, en calquera formato, obren en poder do centro serán destruídas conforme ao disposto na normativa aplicable.

Debido a natureza confidencial da información contida e xestionada na aplicación MENOR, a concesión de acceso o sistema segue un fluxo moi controlado, destinado a garantir o uso apropiado e acceso a información polas persoas apropiadas.

Unha vez se asine o presente convenio, efectuaranse as correspondentes autorizacións de acceso ao persoal da entidade colaboradora encargado da execución das medidas xudiciais.

c) *En relación co persoal adscrito á execución da actividade obxecto de convenio.*

1º. Contar cun cadro de profesionais con alta cualificación técnica e humana, coa composición e número determinados na memoria que se anexa ao presente convenio.

En relación co persoal educador a entidade garantirá en todo momento o cumprimento da ratio establecida no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

En relación co resto do persoal para o que non exista ratio establecida en virtude de disposición legal, a entidade debe efectuar ao seu cargo no prazo máis breve posible as substitucións necesarias de forma que a atención residencial e a intervención educativa integral quede sempre asegurada.

Enviarase á dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude nos cinco primeiros días de cada mes, cuadrante mensual previsto das quendas de mañá, tarde e noite do persoal educador, indicando o nº de horas de servizo efectivas por cada educador/a e cuadrante mensual do servizo que realmente foi efectivo do mes anterior, das quendas de mañá, tarde e noite do persoal educador, indicando o nº de horas de servizo efectivas por cada educador/a.

As variacións que se produzan no cadro de persoal serán inmediatamente comunicadas á dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica acompañando a documentación acreditativa da titulación e curriculum profesional.

Deberán tamén comunicarse á dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude, de xeito inmediato, todas as situacións de incapacidade laboral de calquera tipo, que se produzan e a data das mesmas. Igualmente,



en cada un dos casos, indicárase se é substituído/a ou non o traballador/a, por quen , e en que data.

As características do persoal, modalidades de contratación, titulacións, experiencia laboral, horario, etc, deben adaptarse ao establecido na memoria presentada.

Este persoal dependerá exclusivamente da entidade conveniada, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa condición de empregadora respecto daquel, correspondéndolle á entidade a súa dirección técnico educativa e organización . A consellería será de todo allea ás relacións entre o persoal e a entidade colaboradora. Por conseguinte, en ningún caso o referido persoal poderá alegar dereito ningún en relación coa Administración nin esixirlle a esta responsabilidade de calquera clase como consecuencia das obrigas existentes entre a entidade conveniada e o seu persoal.

En ningún caso a sinatura do convenio suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o persoal que a entidade achegue para levar a cabo a atención residencial, a intervención educativa integral, coas persoas menores.

A extinción do convenio non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizen os traballos obxecto do convenio como persoal da Xunta de Galicia.

2º. Garantir a retribución axeitada do seu persoal, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e /ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará.

3º. Garantir a calidade técnica (titulación, formación e aptitude profesional) do persoal que leva a cabo a intervención, sendo ao seu cargo a formación e promoción precisa para asegurar a calidade desta.

4º. O cumprimento respecto do persoal da entidade da normativa laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento.

5º. No suposto de que sexa obrigatoria a subrogación do persoal por estar así establecido nos convenios colectivos vixentes, estarase ao disposto nestes.

6º. O cumprimento do disposto nas normas vixentes en caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido ao persoal con ocasión do exercicio do seu cometido, baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de modo ningún á administración conveniente.

7º. Informar e formar ao seu persoal nas obrigas que dimanán da lexislación aplicable e materia de protección de datos de carácter persoal.



8º. Manter a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade e os parámetros de igualdade durante o período de duración do convenio, no caso de que resultase seleccionada para conveniar pola aplicación destes criterios, de acordo co establecido no punto 12 do Anexo I.

9º. Desenvolver, con carácter anual, un plan de formación permanente do persoal do centro. Este plan enviarase á Consellería con tres meses de antelación á súa posta en marcha, para os efectos do seu visto e prace.

*d) En relación coa intervención educativa.*

1º. Levar a cabo a intervención educativa de acordo co proxecto de intervención educativa integral para a execución das medidas de internamento presentado pola entidade, desenvolvendo os programas que figuran no mesmo.

2º. Incorporar na súa metodoloxía de traballo a perspectiva de xénero.

3º. Poñer a disposición da persoa menor os recursos precisos para cubrir as necesidades derivadas da súa formación escolar e ocupacional.

4º. Presentar á dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude, unha programación anual que recolla as previsións de actuación ao longo do ano, co fin de ter sistematizado o traballo do centro e poder avalialo ao finalizar cada período. Deberá ser presentada no mes de decembro do ano anterior o que fai referencia e conter, cando menos, a descrición das actividades a desenvolver en cada unha das áreas de intervención, a programación das reunións educativas, o sistema de avaliación periódica da execución da programación anual e o modo de actualización ou corrección da programación en función das avaliacións periódicas.

5º. Proporcionar e xestionar os medios e recursos necesarios para o óptimo desenvolvemento das actividades e programas.

*e) En relación coa atención residencial.*

1º. Garantir que todo o equipamento do que dispoña o inmovible, habitacións, zonas de convivencia e as zonas dedicadas a realización de actividades formativas, deportivas ou de ocio sexan acolledoras e confortables e estean adecuadamente equipadas.

2º. Subministrar o vestiario necesario ás e aos menores se non optan por utilizar a súa propia vestimenta. As pezas de roupa deben ser correctas, adaptadas ás condicións climatolóxicas e desprovistas de calquera elemento que poida afectar á súa integridade, seguridade ou saúde, ou que as identifique como persoas internas.



3º. Manter en condicións de uso axeitadas a roupa de cama, mesa e aseo (sabas, mantas, colchas, edredóns, albornoces, manteis e toallas) e repoñela nos supostos de perda ou deterioro.

4º. Cambiar e lavar a roupa interior das/os menores con carácter diario ou, se for preciso, con maior frecuencia. Respecto das restantes prendas de uso persoal observárase unha periodicidade mínima de dúas veces por semana.

5º. Cambiar a roupa da cama sempre que o requiran as circunstancias e, en todo caso, semanalmente, así como cando se produza un novo ingreso.

6º. Dotar ás e aos menores dos servizos de perruquería e do material de limpeza e aseo persoal que precisen.

7º. Dispoñer dun réxime dietético de alimentación equilibrado e variado, acorde coas necesidades enerxéticas que as idades das persoas menores precisan, o cal deberá contar cando menos con catro inxestas (almorzo, comida, merenda e cea) e estar visado polo/a profesional correspondente.

8º. Dispoñer de dietas especiais para os/as menores que o requiran, tanto por prescrición facultativa como por motivos relixiosos.

9º. Gardar mostras testemuño das comidas servidas diariamente durante o tempo marcado pola normativa sanitaria, de cara a posibilitar o seu estudo epidemiolóxico no suposto de producírense brotes de toxiinfección alimentaria.

*f) En relación cos inmobles.*

1º. Utilizar o inmovible titularidade da Consellería. Este uso se circunscribe á vixencia do convenio, sen que poida alegar dereito ningún, nin usalo para outro fin distinto do aquí previsto.

2º. Achegar os recursos materiais necesarios para levar a cabo a actividade que se detallan na memoria presentada que figura como anexo ao presente convenio.

3º. Manter en bo estado o inmovible, os bens mobles e a totalidade do equipamento achegados pola Administración, os cales deben ser devoltos á finalización do convenio nas mesmas condicións en que foron entregados, asumindo dita entidade todos os gastos derivados do seu funcionamento, reposición e mantemento. No momento de formalizar o convenio describíranse claramente tanto o inmovible como a súa dotación, para determinar, unha vez rematada a vixencia do convenio, os gastos que procedan.

4º. Levar a cabo o mantemento das zonas comprendidas dentro do perímetro valado do centro, estean axardinadas ou non.



5º. Manter o centro en todo momento en perfecto estado de hixiene e limpeza.

*g) Outras obrigas.*

1º. Cumprir coas obrigas de subministro da información, nos termos establecidos no artigo 4 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2º. Facilitar o exercicio das facultades de comprobación, dirección e inspección da Administración acerca da actividade conveniada. En consecuencia, en canto teña relación co obxecto do convenio a Administración poderá obter da entidade conveniada a documentación e información que estime oportuna, establecer os sistemas de control de calidade que se deberán empregar e levar a cabo as inspeccións que estime pertinentes, reservándose para estes efectos, a facultade de realizar as visitas que considere necesarias para comprobar as condicións técnicas de execución da intervención, o cumprimento dos requisitos para desenvolver a actividade, o trato e asistencia que reciben as persoas beneficiarias, así como o bo funcionamento e cumprimento das obrigas contraídas. Poderá solicitar a comparecencia de persoal directivo da entidade e /ou das persoas menores usuarias do centro. Así mesmo, a Administración está facultada para ditar as instrucións oportunas para o estrito cumprimento do convenio.

A entidade acatará exacta e inmediatamente as ordes e instrucións que lle dite a Administración para a execución da actividade.

A entidade conveniada poderá requirir a identificación documental de quen deba exercer esta facultade de inspección e a entrega das instrucións por escrito por parte da dirección xeral con competencias en familia, infancia e dinamización demográfica, de conformidade co establecido na Orde do 18 de xuño de 2021, pola que se habilitan determinados colectivos de persoal empregado público da Consellería de Política Social e Xuventude para o uso do certificado dixital de pseudónimo na Administración autonómica galega.

3º. Presentar no prazo de dous meses dende a sinatura do convenio un regulamento de réxime interno, o cal estará exposto no centro nun lugar visible ao público, e contará como mínimo coas normas de funcionamento, dereitos e deberes das persoas usuarias e órganos de representación e participación.

4º. Presentar no prazo de dous meses dende a sinatura do convenio o plan de autoprotección do centro .

A entidade se compromete a actualizar e/ou elaborar, aqueles plans necesarios así como aquelas xestións para a súa implantación e cumprimento. Para avaliar os plans de autoprotección e asegurar a eficacia dos plans de actuacións en emerxencias realizará simulacros de emerxencia coa periodicidade mínima que fixe o plan , e en todo caso, unha vez ao ano evaluando os seus resultados.

A entidade debe implantar o Plan de Emerxencia e Evacuación do centro , conforme ao disposto no Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba o a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados ás actividades que poidan dar orixe a situacións de



emerxencia.

5º. Asumir os gastos xerados polos desprazamentos das persoas menores e do persoal educador acompañante, así como os derivados das pagas de cartos de peto as cales terán carácter educativo e estarán orientadas ao mellor cumprimento das medidas que se establezan, dentro dos requisitos que se definan no regulamento de réxime interno do centro.

6º. Cumprir a normativa vixente e cantas disposicións sobre protección e reeducación de menores dite a Xunta de Galicia e os seus órganos competentes no exercicio das súas atribucións.

7º. Desenvolver e executar todas aquelas instrucións, circulares, protocolos, etc, emitidas en relación coa actividade obxecto de convenio, pola dirección xeral con competencias na materia de Familia. Infancia e Dinamización Demográfica para unha mellor organización e seguimento da mesma.

8º. Cumprir a normativa vixente en materia hixiénico-sanitaria.

9º. Xustificar as pólizas de seguros e o pagamento da prima con ocasión da sinatura do convenio e cada vez que corresponda renovar dita póliza.

10º. Indemnizar os danos que se causen a terceiras persoas como consecuencia das operacións que requira a actividade, excepto cando o dano fose producido por causas imputables á administración.

11º. Expor, nun lugar visible ao público o organigrama do persoal adscrito á execución das medidas.

12º. Contar cos libros de rexistro e demais libros establecidos nas disposicións legais vixentes así como os que figuren na circular que sexa de aplicación aos centros de execución de medidas privativas de liberdade impostas a menores.

13º. Contar cun expediente individual e único para cada persoa menor onde conste toda a información prevista na normativa aplicable. O dito expediente conformarase na aplicación informática "Menor" a través da incorporación dos distintos documentos referentes ás persoas menores que cumpren medidas xudiciais.

14º. Contar coa autorización da Consellería para dar publicidade en calquera soporte das intervencións realizadas ao abeiro do convenio (publicacións, estatísticas, memorias, etc.).

15º. Contar coa autorización da Consellería para a organización de eventos (seminarios, congresos, xornadas, etc.) así como para a presentación de relatorios, comunicacións e outros nos que se traten temas directamente relacionados coa actividade conveniada.

16º. Elaborar a memoria anual de acordo coas instrucións establecidas na circular vixente en materia de



internamento .

17º. Colaborar coa administración na investigación, estudo e desenvolvemento de programas relacionados coa delincuencia xuvenil en Galicia.

18º. Incorporar en todo o material e documentación xerada polo programa o logotipo da identificación corporativa da Xunta de Galicia.

19º. Colaborar na realización de practicums coas universidades que teñan convenio coa Xunta de Galicia.

*Sétima. Compromisos económicos e forma de pagamento e xustificación*

A entidade percibirá da Consellería de Política Social e Xuventude con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins unha compensación polos gastos en que incorra no desenvolvemento do convenio de 5.463.499,92 euros , que en ningún caso supón un beneficio económico para a entidade conveniada, tendo en conta o disposto na Resolución do 7 de xuño de 2022 da convocatoria do procedemento de selección.

A dita compensación será satisfeita por meses vencidos, logo da xustificación dos gastos mediante a factura correspondente.

Para o aboamento da compensación a entidade colaboradora presentará á dirección xeral con competencias na materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, dentro dos cinco días seguintes ao mes en que se levou a cabo a actividade conveniada, os seguintes documentos:

a) A factura correspondente conforme ao establecido no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

As facturas presentaranse a través do punto xeral de entrada do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia. O acceso ao devandito Punto Xeral de Entrada é a través da seguinte documentación: URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura>.

b) Certificado da entidade onde conste o persoal que leva a cabo a actividade no centro no mes correspondente ordenado por grupo profesional e posto de traballo, especificando o nome e apelidos, número de afiliación á Seguridade Social, tipo de contrato e dedicación horaria. Na dita relación deben constar as datas de alta e baixa do persoal producidas no dito mes. No caso do persoal que causa baixa debe indicarse a persoa que o substitúe, e a data na que inicia a súa actividade, achegando a documentación acreditativa da titulación así como o curriculum profesional.

c) Copia dos Recibos de Liquidacións de Cotizacións e Recibos Nominais de Traballadores da Seguridade Social do dito persoal.



d) No suposto da subcontratación de actividades, a entidade deberá de comunicar á administración a dita subcontratación así como aportar copia das facturas das actividades subcontratadas.

Salvo autorización do responsable do tratamento, non está permitida a subcontratación do tratamento de datos persoais.

e) Relación detallada de todas as persoas menores que estiveron executando unha medida no período facturado, asinada pola persoa responsable do centro, especificando: nome e apelidos, data de nacemento, expediente xudicial, data de ingreso, data de fin de medida e movemento (permanencia, alta ou baixa).

#### Oitava. *Información básica en materia de protección de datos de carácter persoal*

A entidade seleccionada para a execución do convenio declarará documentalmente que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar se fará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e será, así mesmo, de aplicación a Disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e demais normativa nacional e da Unión Europea de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade seleccionada e o persoal asignado ao proxecto serán responsables das infraccións que deriven del.

2. A entidade colaboradora deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados con ocasión da execución do convenio.

Así mesmo, queda expresamente obrigada:

- A utilizar a dita información exclusivamente no ámbito da relación derivada da execución do convenio para as finalidades previstas no mesmo;
- A non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do convenio;
- A facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da dita relación, a quen se comunicará a obrigación de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;



- Considerarase información confidencial aquela á que a entidade seleccionada acceda en virtude do presente convenio, especialmente a correspondente ás persoas menores sometidas a medidas xudiciais, así como as decisións e actuacións por parte dos xuíces de menores e da fiscalía.

A entidade colaboradora, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da prestación de servizos conveniada, terá a consideración de encargado do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 polo que deberá dar cumprimento, ás obrigacións incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento, a Consellería de Política Social e Xuventude. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.

Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. A entidade colaboradora manterá a disposición da Consellería de Política Social e Xuventude a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigaón.

Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

Asistir á Consellería de Política Social e Xuventude na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obrigaón de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, a entidade colaboradora facilitará á consellería a requirimento desta, e á maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante a estes efectos. No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante a entidade colaboradora esta informarlles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/informacionxeral-proteccion-datos>.



No caso de que o obxecto do convenio prevexa a recollida de datos directamente pola entidade seleccionada para a execución do convenio, esta facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento de recadar os datos.

Notificar á consellería do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 .

Dar apoio á consellería do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra. Implantar as previsións recollidas no R.D. 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario. Poñer a disposición da consellería toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado.
- Devolver á Consellería, unha vez cumpridas as prestacións obxecto do presente convenio, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución do convenio.

#### Novena. *Comisión mixta de seguimento*

De acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público , e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico en Galicia constituirase unha Comisión Mixta para o seguimento do presente convenio á cal serán



sometidas todas as cuestións derivadas do seu desenvolvemento ademais de, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión, presidida pola representante da administración, estará integrada por:

- O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou persoa que a supla de acordo co establecido no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.
- O/a representante legal da Fundación Camiña Social ou persoa que o supla.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.

A propia comisión acordará o seu calendario de reunións.

#### Décima. *Vixencia e posibles prórrogas*

O convenio que se subscriba ao abeiro do presente procedemento producirá efectos dende o 1 de setembro de 2022 ata 31 de agosto de 2024, e poderá prorrogarse por acordo expreso das partes por períodos sucesivos, non superior cada un deles a un ano, ata un máximo de 2 anos, de acordo co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, todo iso condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

No caso de que non se prorrogue o convenio por causas imputables á entidade conveniada, esta debe continuar coa actividade que viña desenvolvendo en tanto a administración non formalice un novo convenio con outra entidade.

#### Décimo primeira. *Modificación do convenio*

Cando xurdan circunstancias concretas, debidamente xustificadas, que alteren as condicións establecidas no convenio de colaboración, poderá formalizarse unha modificación ao convenio de colaboración que requirirá acordo unánime das partes, logo dos trámites legais esixidos. Dito acordo que inclúa tal modificación, deberá incluírse como addenda ao convenio.

#### Décimo segunda. *Causas de extinción*

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) Expiración do prazo de vixencia.



- b) Mutuo acordo das partes outorgantes.
- c) O incumprimento dos compromisos e cláusulas do convenio.
- d) Imposibilidade sobrevida do obxecto do convenio.

#### Décimo terceira. *Consecuencias do incumprimento*

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio será causa de resolución do mesmo. A parte incumplidora no terá que indemnizar economicamente á outra parte por incumprimento das obrigas do convenio e pola súa resolución, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

#### Décimo cuarta. *Natureza xurídica e cuestións litixiosas*

O presente convenio terá carácter administrativo e rexeráse polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio á hora de interpretar, modificar ou resolver as lagoas ou dúbidas que puideren presentarse.

Correspóndelle á Consellería de Política Social e Xuventude a resolución de cantas cuestións litixiosas xurdan sobre a interpretación, modificación ou efectos do convenio, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e cabe contra eles recurso contencioso-administrativo segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos, o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Porén, contra os actos da administración poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ao abeiro do establecido nos artigos 123 e 124 da lei 39/2015 , do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### Décimo quinta. *Publicidade do convenio*

Este convenio será obxecto de publicidade de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Convenios, de conformidade co Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan, no lugar e data expresados na súa sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Xuventude

O responsable da Fundación Camiña Social

Fabiola García Martínez

Antonio Campanón Sanjurjo

